


# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias  
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ó mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.  
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados


Redacción e Administración: Praza Maria Pita. 17. baixos. CRUÑA

# FORD

## Nova baixa de prezos postos en vigor

	ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...	Pesetas 4.480	<b>4.230</b>
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	» 6.300	<b>6.070</b>
VOITURETTE » 2 » » sin »	» 5.790	<b>5.675</b>
DOBLE FAETON » 5 » » con »	» 6.630	<b>6.350</b>
DOBLE FAETON » 5 » » sin »	» 6.125	<b>5.965</b>
SEDAN » 5 » (coche cerrado con arranque)	» 12.050	<b>11.290</b>
COUPÉ » 2 » » »	» 10.975	<b>10.215</b>
CHASSIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada	» 5.050	<b>5.735</b>

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados



Axiña recibiréi unha remesa de vinte autos e camiós, polo que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adquirilos, faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servizo económico de autos de alquiler

**LUIS GRANADOS**  
**AXENTE**

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóviles

Todas mis ofertas se entenden sin compromiso y sujetas a mi confirmación. As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non ademitindo devolta dempois da saídas do almacén

**Payo Gómez, 5**  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V — NÚMERO 152 — 30 NOVEMBRO 1921

## A escravitude económica da nosa terra

### Galicia peor tratada que unha colonia de negros

Trátase de seguir dispensándolle un proteccionismo antieuropeo e antiprogresivo aos fabricantes cataláns, aos ferreiros de Bilbao e aos trigueiros de Castela.

Galicia, continúa sendo a Cincenta da Hespaña. Todo o proteccionismo favorecedor das outras nacionalidades ibéricas vóltese en argola aforcadora da nosa economía, e por si esto fose pouco, inda se quere a libre introdución das carnes conxeadas da Arxentina, pra que Galicia fique máis amocada, mentres que—¡ou lei do embudo!—vólvese a restablecer o arancel contra os cereales americanos, c'o oxeto de favorecer aos trigueiros do Centro como si non resultara antigo de prima necesidade, inda máis que a carne, o pan...

Pro si o pan encarece, con beneficio pra os señores feudales da meseta, ¡tira para diante! Si os panos e os ferros soben con proveito dos señoróns industriaes de Cataluña e Vizcaya, ¡todos contentes!

Como Galicia e mansa, resñada a cobarde, que pague os vidros rompidos. Que Galicia, pol-o dereito a comer pan volva a dar vinte millóns de pesetas cada ano aos trigueiros, e caseque o mesmo aos pañeiros e aos ferreiros. Que as carnes galegas—principal industria de Galiza—sofran por todos. Para que a economía primitiva e atrasada das outras terras da Hespaña poda xurdir, que a nosa Terra seia sacrificada.

¿E para chegar, a isto, houbo e hai centos d'Asambleas agrarias pol-os nosos povos? Pois máis que o inxénuo decreto de Besada facería pol-a cidadanía unha continúa acción de tódol-os labregos galegos en defensa da economía propia que, mentres o bárbaro proteccionismo actual do Estado centralista fique imperando, non somente acharáse no atraso senon en absoluta imposibilidade de progreso. Quen tén a chave do estómago, tén a chave da conciencia, asegún dixo Costa. E no intre Galicia posea a súa economía escraviva non poderá impor ningún ideal nin haberá de sentirse acuciamentos d'orde espiritoal.

Como dixo Julio Senador no seu libro "La canción del Duero", "Galicia enviou ao inferior 104 cabezas de gando, con peso de 23.000.000 de kilos, no ano

1910. D'aquela importara millón e médepo de quintaes de millo".

"Rebaixando os dereitos do millo no 1913, foron importados catro millóns de quintaes máis. Abundan isto para que os envíos de carne no 1914, rubiran a 33 millóns de kilos, e os de 1915 a 39 millóns".

Esto lles non convén aos grandes latifundistas cataláns. Pro amostra canto progresaría a ganadería galega de se ter chegado á supresión absoluta dos dereitos arancelarios do millo e do centeio. Con isto é c'a supresión temporal das contribucións, por dez anos ou máis, como propuxo Arturo Noguero, para aqués terreos dedicados a prados na nosa Terra, Galicia acharíase no xeito de loitar francamente co'as carnes arxentinas. Somentes entón poderíamos establecer matadeiros industriaes.

O contrario—que é o réxime actual—significa considerar aos galegos peor que a negros d'unha colonia africana.

Pois si o económico non preocupa en Galicia, ¿cómo queredes que preocupen as cousas de orde espiritoal?

¡Y-eiquí inda hai patriotas incondicionaes da hespañolería andante i-africanizante! Probe país d'escravos que non ten máis que aquilo de que é merecedore! ¡Disgraciada terra que non sabe facer valer con orgulo consciente o feito, indubidabel de sere a única da Hespaña que desde calquera momento con absoluta independencia, como razón soberana, podería vivire unha vida próspera e europea! ¡Disgraciada terra que non se decata de que a súa salvación áchase no desenrolo d'un nacionalismo forte e punxente!... Galicia é tratada como povo alleo pol-o Estado. Ténno decrarado a guerra de tarifas. O decire ¡viva o Arancel! significa o mesmo que berrar ¡morra Galicia! E as maorías do Parlamento hespañol, incruindo os cuneiros galegos, están pol-o arancel...

A. Villar PONTE

N. d. D.—Respeito a estes asuntos recomendámol-a lectura do admirabel libro de Lois Pena Novo, "La Mancomunidad gallega". E un libro oportuno, patriótico, que honra ao seu autor e aos ilustres patrianos propietarios do Balneario de Mondariz.

## Os viños do Ribeiro

# ARNOYA FINO

Significan o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: Waldo Losada

## O pangaleguismo

## Portugal e Galiza

Según nos din, amigos nosos de Lisboa, na importante revista "Seara Nova", vaise traballar a propaganda para que a ideia de facer unha "Semana Galega" n'aquela capital, poida trocarse en realidade fecunda.

Por outra parte os nacionalistas galegos veñen facendo os estudos previos para a organización d'unha notabre Exposición d'arte galega no Porto.

Todo isto sin descoidaren o proseguimento do intertroque cultural, artístico e de libros, xa iniciado felizmente, entre ambas terras irmás.

Despois da Exposición d'arte catalán en Lisboa que se ven efeuando, a d'arte galega no Porto ha servir para probarmos a todos a forza da nosa persoalidade nacional.

Porque as artes galegas, especialmente a pitórica, ceceais como nova que é, ofécese pura sin influencias exóticas, ao contrario das da Cataluña. Estas, según a crítica portuguesa, amóstranse moito "parisinizadas".

## Galegos ¡alerta!

## Un proxecto que temos d'esnaquizar rexamente

*O Cambó, que sabe moi ben o que fai como catalán e arredista, traí entre máns un proxecto que me pon os pelos de punta.*

*E'o caso que, pensando na Mancomunidade catalana, quere levar ás Cortes un proxecto de lei—e inda poida que se axeite pra apricalo por R. D.—concedendo ás Diputacións provinciales facultades abondo para impór recargos sobre dos ingresos dos Concellos, faquserse cárrego de certos servicios e crear novos subsidios, contribucións e impostos con que encher os seus presupostos.*

*En Cataluña, moi ben. A Mancomunidade alí recollerá toda esa forza e toda esa enerxía traducirásese en vida e prosperidade catalanas. En Galiza tería de ser a nosa morte.*

*Bótome a tremer pensando que se lle vai a meter nas mans de vitorristas, riestristas, bullagalistas e garciprietistas un novo feixe de paus con que varearnos o tombo e que se lle van a dar novas caídas con que agrilloarnos.*

*E mester que se erga unha protesta vexa na Galiza. E do noso idearium o abatimento e acabamento das Diputacións que todos os anos lle arríncan ó pobo gallego para compadrodas e roubachadas 6 millóns de pesetas e que ademais veñen sendo a máis forte columna sin trégoas.*

*en que descansa ocaciquismo. Debedes de faqer unha campaña A cousa lévana en segredo, mais xa ó Cambó chamou ós Presidentes das Diputacións de Rexión e todos eles—o da Cruña o primeiro—amóstráronse encantados e dispostos a axudalo en corpo e alma.*

*Impónse unha lolla masculina contra d'esa toleria berrando forte.*

*Todo isto nol-o dico dende Madrid un dos máis ilustres cabezaleiros da Nacionalismo Galego.*

*E xa obedecendo o seu patriótico consello buscamos aos nosos galegos, que solidarizasen na campaña, e algúns d'eles publicado han artigos dando a voz d'alerta sobre do caso.*

*De consentirmos que semellante proxecto axurdira, teríamos merecido unha eterna escravitude.*

*O curioso vai ser o feito de que agora defendan a Cambó os xornales caciquis da Terra que outrora nos chamaron vendidos ao ouro catalán.*

*Inda dándose a paradoxa, de que Cambó, co seu proxecto, ten cióna catalanizarse máis a Cataluña, como agora se galeguizaría máis Galiza, si cando os catalanistas viñeron acá traquidos por nós todos os galegos bós nos axudasen. D'aquela, hoxe teríamos a terra limpa de caciques; a Mancomunidade organizada, e pol-o mesmo as covoiras provinciales trocadas en forza útil, inda sendo cativos os seus fundamentos.*

*O tempo é o millor auez.*

## Liñas marxinaes

O caso Cabanellas e o caso Primo de Rivera, amosttran que a Hespaña xa está mais aló d'unha sinxela decadencia. Asimade, o trunfo d'Hespaña en Marrocos supón, según os primates do parlamentarismo, a morte para o progreso d'Hespaña na Hespaña. ¿Quenés, son, pois, os trunfadores?

O discurso de Portela Valladares no Congreso, sobre cousas nosas, co'a ameaza de que si os que teñen a obriga de defenderen os intereses da Terra siguen a esquencernos, obrigarán a tódolos deputados galegos a votar sempre contra dos Gobiernos, mais que nada fainos escachar co'a risa. ¿Pode ningún Goberno que coñece como son feitos os nosos deputadiños, tomar isto pol-o serio?

O feito de que outro deputado galego, de moita sora, tome con verdadeira calore os intereses bancarios de certas entidades, mentres no asunto dos aranceles fica morno e no asunto dos foros fai equilibrios, tamén proba que o galeguismo integral continúa sin defensores nin persoeiros axeitados na noxenta política madrileña.

¡Probes dos nacionalistas que confien en xente estrana para a defensa dos verdadeiros intereses galegos!

O da Galiza é un problema integral, un problema nacionalista, e somentes o desenvolvemento do nacionalismo entre nosoutros, na Terra, haberá de resolvelo. En crearmos, pois, unha forte concencia galega terá de consistir o noso traballo pol-o d'agora. Co'a seguranza de que asin, como desde a constitución das "Irmandades", gobernaremos en oposición, pro gobernaremos, e de xeito espiritoal, que é o millor, obrigando aos politiquiños a seren sempre tributarios nosos.

Suscribase vostede

A NOSA TERRA

## POETAS NOVOS

## Sospiros e queixas

Unha ves, vin un paxaro preso n'unha xaula,  
cantando tristuras, unha tarde pol-o vran.  
O campo era fermoso; o día era algareiro  
n'un morrer preguiceiro...  
E do paxaro jera triste, moi triste seu longo  
piar...!

■ ■ ■

Unha noite de lúa, entr'as rexas d'unha carce,  
unha nena, coitada, vin outra ves estar...  
¡A noite era ditosa, felis i-algareira,  
pr'amar meiguiceira...  
E da nena jera fondo, moi fondo o salaiar...!

■ ■ ■

Vin un día un pobo, com'un paredizo,  
con fortes cadeas, decote a o apreixar...  
Por Deus fora feito, coma todol-os pobos;  
pro caira ¡infelis! n'unha terra de lobos...  
¡Y' era fondo, moi fondo o seu oubear...!

■ ■ ■

Y' eu penséi: ¿por qué prender a ninguén?  
¿Porqué ao paxaro da xaula non s'ha de ceibar,  
si Deus, cando fixo a os paxariños,  
sô os fixo pra ser libres, e nos eixidos cantar...?  
¿Por qué n'unha carce noxenta,  
a unha nena s'ha d'encerrar,  
si Deus, cando fixo às criaturas,  
sô as fixo pra que ceibes poideran voar?  
¿Porqué a un pobo, com'un paredizo,  
as feras fementas o han d'apreixar,  
si Deus, cando fixo os pobos da terra,  
sô os fixo, com'os paxariños, pra ceibes voar...?

M. Mesejo Campos.

En Compostela, Inverno de MCMXXI.

## Tres notas d'arte

Manoliño Quiroga, o imenso violinista galego percorreu a súa terra en trunfo, dando concertos que amostraron a todos con canto orgullo podemos dicir que é home da nosa raza.

A actitude do público da Galiza para c'o insigne virtuoso, probou tamén coma aquí escomenzamos xa a nos decatare do moito que importa erguel-os propios valores alumiñándoos con fondo agarimo.

Sin embargo, lembrámonos de que Sarasate non s'avergoñaba de tocar unha muñeira, arraxada por

él, ao remate dos concertos que daba nos teatros da Galiza...

Na "Casa Galicia-América", da Cruña, Crestar, un rapaz betanceiro moi estimado por nosoutros, fixo una Exposición de caricaturas e debuxos decorativos, metidos en côr, que foi loubada en xustiza pol-as mileiras de visitantes que a ela concorriron.

Crestar, que xa val moito, promete chegar é cumio do trunfo, si sigue traballando con fe e constancia.

O "Coro ucraniano", que andivo pol-a nosa Terra, fixo un bô servicio. O de nos obrigar a pensar ôs galegos como nós poderíamos impornos universalmente te co'a grande riqueza de música popular que temos, si xurdira antre nosoutros o mestre-compositor, tan da raza no seu como Cabanillas na poesía e Castela no debuxo, que pereisamos.

O "Coro ucraniano" é unha cousa xurdia; o mais perfecto no seu xénero que ouvimos.

A que non está á altura d'estas coleccionadas artísticas é a crítica galega. Agás un artigo sobero o "Coro ucraniano", realmente notabre, de Quintanilla, que limos no "Correo Gallego", do Ferrol, nada que poidera servir d'orientación ao público ollamos en ningures.

En troques en xornaes d'Asturias e d'outras terras vimos críticas á europea.

## Erros do Sr. Lerroux

Lerroux dixo no Congreso bizantino da Hespaña que "a nosa prosperidade da Edade Media desapareceu c'o ración de Portugal".

Para concluire que igual nos tería de socedere se agora abandonásemos Marrocós.

Lerroux sabe pouco de Historia abofé. E quenes o cubiron, sin reitificaren seu erro, o mesmo.

Portugal non é fillo de ningún povo hespañol. Portugal naceu canda Hespaña, creceu coma Hespaña; tivo grandeza propia, historia propia, alma propia. Portugal é fillo das suas propias obras. No seu pasado hai grandes epopeias; no seu presente grandes feitos. Nin Hespaña o formou, nin'o encaulou, nin'o civilizou, nin l'emprestou seu idioma. O que fixo Hespaña foi e nquistalo unha vez para o perdere aos sesenta anos. A dominación de Hespaña en Portugal aínda ten durado menos que a dominación de Hespaña en Flandres.

Pol-o mesmo a comparanza de Lerroux, afincada n'un trabucamento, proba todo o contrario do que quixo decire.

O que é posibel é que a "dominación" hespañola en Marrocós, dure tan pouco como ten durado en Portugal. E d'aquela, si que os estadistas do xeito de Lerroux están locidos.

Son temibeis os políticos cando sinten, coma o ex-revolucionario Lerroux, cubizas do Poder. Pasteleian e disparatan, que mesmo da xenio.

ANVIPO

## D'INTERÉS

## Automóviles FORD

A moito conecida CASA FORD fabricante dos autos e camiós de fama mundial, foi a primeira firma manufacturera no mundo que ten iniciado a redución de precios dos seus produtos, e fiel co'a norma que aquela firma seguiu sempre no seu plan de negocios, isto é, o de pôr no mercado o automóvil mais económico en precio e sostenimento sin posibel competencia POR NINGUNHA OUTRA MARCA, pesi-as moitas que existen tanto americanas coma europeas, que tratan d'imitala, cobrando precios mais altos, levou a cabo outra baixa nos seus precios sobre os autos e camiós fabricados nos Estados Unidos, cuia baixa non podía menos de se reflexare tamén en todas as Sucursales que a Casa Ford ten en todos os países do mundo, polo que a establecida na Hespaña, con grandes talleres de montaxe en Cádiz, puxo en vigor os precios que os nosos lectores poderán ollaren no anuncio publicado n'este mesmo número.

Coma dato curioso, que vos facerá decatarse da enorme aceptación que en todos os países do grobo teñen os autos e camiós FORD, abondará dicir que a produción DIARIA samente na fábrica principal FORD en Detroit, Estado de Michigan nos Estados Unidos, alcanza actualmente a increíbel cifra de 4.800 coches.

~~~~~  
Do poeta da Raza

## O Parlamento

Luz amarela e triste.

(N-este Madri xa é inverno.

A sesión escomenza.

O salón está cheo

de vellos carcamáns e mozos podres  
que se caíen de vellos:

(Media ducia de galos que revolven  
o emporcado chau do galiñeiro  
e ó redor d-eles, pitos aparrados,  
os lacaios e os xenros).

Dende a outa tribuna  
con dor escoito e debruzado axexo.  
(¿E un lameiro de sangue apodrecida  
este roxo enlixado dos asentos?)

(O fondo, a moca ó lombo,  
dereitos como fuxos, os maceiros...

Esquecéunos o Dante  
cando falou do Inferno).

Unhas verbas doentes  
voan como morcegos:

—Honor, Africa, Patria.

Loita. Trunfo. Diñeiro.—

¡O Honor! ¡A Patria! (A sangue xe  
nerosa

da mocidade, a regos)

¡Millóns! ¡Millóns! (A anemia,

a fame dos obreiros,  
os farrapos dos probes,  
o suor dos labregos).

¡Africa! A cova tráxica, sin fondo,  
do honor e do diñeiro.

—  
Fáiseme a alma bágoas  
e o corazón pequeno.  
Como unha frota sangrenta  
ábrese unha ferida no meu peito.

## A España de oxe

Mozas da vida, probes e soldados  
nas rúas e dancings e merendeiros.  
Luxuria, fame e guerra misturados...  
Roma imperial nos días derradeiros!

Nin honor nin vergoña. Conchabados  
con maricas, grupieres e mineiros,  
van raziando o país os diputados  
desertores do Tercio d'Estranxeiros.

O Arte, nos salóns, apesta a rancio,  
os xornales empréntanse en Bizancio  
e a Chelito meteuse gran señora.

O pobo chora ós mortos da traxedia  
je o Rei é vitoriado na Comedia,  
onde trunfa en camisa Musidora!

R. CABANILLAS.

## NO MAR

Negra barca, vaite apresada  
pol-as ondas azuladas escorrendo  
que o teu dono co-a alma acesa  
antre o fogo das saudades vai morrendo.

Negra barca, dalle á brisa  
a brancura do teu lenzo imaculado  
e voemos na sursura  
de cristal do mar salgado.

Negra barca, que escumante  
de fervenza brinque a i-auga pol-a prora  
e na popa buligante  
fique a liña d'unha serpe bruadora.

Que se afunda mainamente  
no azul líquido das ondas tua banda  
e obedezas ao valente  
e arriscado gobernalle que che manda:  
que se escoiten os lamentos  
dos cuireles e das bordas,  
i-o rexo fungar dos ventos  
antre as cordas.

Negra barca, vaite apresada  
pol-as ondas azuladas escorrendo  
que o teu dono co-a alma acesa  
antre o fogo das saudades vai morrendo.

E alá vai a barca miña  
obedente ao meu mandado  
pol-a senda cristiã  
na busca do ben amado.

Gonzalo LOPEZ ABENTE.

V. da de H. Hervada Casa fundada en 1865  
A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGRÍCOLA,  
PEDRAS FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

## Teatro galego

Na "Irmandade da Fala", da Cruña, deu comenzo a tempada teatral do inverno, c'ó bõ éxito de costume.

Xa houbo dúas veladas que levaron ao salón da nosa sociedade moito público devoto dos teatros galego e portugués.

O coadro de declamación da "Irmandade", cheio d'entusiasmo, ten mentes d'ofrecer estrenos moi interesantes e de darlles ás súas festas enxebres o maor atraitivo.

Este é o terceiro ano de teatro galego que se fai na Cruña. O público responde ao sacrificio e ao esforzo dos que traballan por imporen a nosa dramática e cada vez mais, pol-o mesmo, coidamos que o teatro propio vexurdiría trunfal se os galegos que poden axudasen con amore a obra tan patriótica.

Ningún bõ irmao ten de deixar de concurrir as interesantes veladas dominicaes da "Irmandade".

A nosa embora ao simpático cuadro de declamación d'aquela entidade, que tan ben escomezou as tarefas da presente tempada.

### O exemplo que nos ofrecen os amigos valencianistas

A revista "Nostra Parla", de Valencia, abriu un novo concurso—o III—de lectura valenciana, con premios en metálico para os nenos, menores de catorce anos que, diante d'un tribunal, nas primeiras datas do mes do Nadal, leian millor un libro en prosa ou verso na lingua d'aquel país.

Así traballan por fomentaren a sua fala os valencianistas. Coidan que é tarefa urxentísima. "Recramao—din—o interés pedagóxico porque a maoria dos nosos fillos perden moito tempo e perden moitos esforzos dependendo a gramática castelán en castelán, cando tería de ser moi comenente que se lles dera o ensino en valenciano, o que facilitaría unha comparanza de xeito científico. Xa sin contar o patriótico do labore. Porque—advirten—falando descorreitamente o valenciano deixarásese de martizoar o castelán, abríranse novos camiños á cultura e frolecerá un novo patriotismo".

Este exemplo dos valencianistas debemos telo en conta os racionalistas galegos, coidándonos moito de levar á práctica o Plan pedagóxico das Irmandades que ten publicado en "Nós" Vicente Risco.

## PENEIRANDO

Ossorio Gallardo, dixo na sua conferencia de Vigo, que os caciques nasceran dos guerrilleiros e dos bandoleiros en liña directa. O guerrilleiro trocouse en bandoleiro, por lei das circunstancias, e o bandoleiro en cacique.

Pois como os nosos políticos son froito do caciquismo, resultan a suprema expresión d'un bandidaxe.

Cómprenos, pois, a tódol-os cidadans trasformarnos en

guardas civís para lles dal-o alto, e se non se renden, aprícorlles a lei de fugas.

\*\*\*

Os xefes das taifas liberaes, inclusive o Melquiades, tiveren unha xuntanza para trataren da custión de Marrocos na casa do xenro de García Prieto.

Inconscientemente rëndíronlle un homenaxe á xenrocracia.

¿E inda haberá quen teña fe n'eles? Son os mesmos dos tempos do Tratado de París.

Só que entón o sogro era Montero Ríos e agora o papeleisón de García Prieto.

O que supón unha fonda decadencia.

\*\*\*

"La Zarpa", de Ourense, abriu un inquerito para que os lectores digan a quén debe concedérselle o premio Nobel.

Nós propoñemos a Maura para o de Literatura. A Eduardo Vincenti para o de ciencia.

F para o da Paz... La Cierva, ou D. Alfonso.

Levouno France...

Que os pinguinos llo perdoen.

\*\*\*

A maioría dos galeguíños do "Centro de Galicia" de Madrid, mesmo dan noxo.

Si alguén o dubida, que vaya aló, e os olle en días d'elección na directiva do Centro.

### DO LACÓN E MAIS DAS CASTAÑAS

O día de San Martiño, que foi onte, é un día moí o galeguismo dos enxebres de magosto e de lacón o galeguismo dos enxebres de magosto e de lacón con grelos. Eu non son d'ises, anque sexa d'Ourense, e "fillo do pueblo".

Mais si a min me fixo mal que alguén o outro día no "Diario de Orense", lle dera a ben chegada á noso gran Castela, falando do lacón con grelos, non por iso lles quito eu o lacón e mais o magosto a importancia que en realidade teñen.

O lacón con grelos e un xantar simbólico de mantenza carnívora das razas do Norte. Nossos abós, os Celtas, xa criaban e salgaban porcos, e o porco bravo era a sua enseña totémica. O lacón con grelos denota na raza forza dixestiva y-aguante pro traballo, e lembra as kermeses flamengas y-os cadros de Tourniers qu'aínda fai pouco en Madrid avivaron as lembranzas da Terra, na y-alma do Ramón Cabanillas... O lacón con grelos fainos loubal-o acento nórdico da nosa raza, tan difrente dos bereberes que comen gazpacho.

Y-o día de San Martiño, indo pol-a estrada de Santa Mariña do Monte, o fumar dos magostos an'os penedos y-os piñeirás de Monte Alegre, onde os "fillos do pueblo" celebran ise xeito de comunión espiritual na Terra, lembraban os fumes dos sacrificios qu'a relixión naturista dos Celtas celebrou cicais ou tóra no mesmo día e no mesmo monte, en oblación.

de soavidade a Nosa Santa Nai Natureza... As castañas y o viño, carne e sangue da Terra, teñen algo de xantar sacrificial, de xantar de rito, que santifica as almas, coa ledicia d'un serán dourado, no que o Sol e un Graal esprendente baixo do pallo azul do ceo, por disgracia ist'ano sen nubes de prata que fagan d'il un ceo d'alegoría, isas nubes de prata atrás das que se sabe, anque non se vexan, qu'están os deuses do paganismo, faguendo tamén o seu magosto sereo e vidente.

Vicente RISCO.

## Vidas lumiosas

### Ante a visita do coro ucraniano

Schelchenko, foi o poeta nacional da Ucrania. Nado en Kiew en Febreiro de 1814, finou en Petrogrado no 1861. Non permitira a Rusia dos Czares celebrar o seu centenario ab'escomenzal-a guerra europea.

Schelchenko foi o primeiro que coñecendo o valor do seu povo escravizado e a beleza da súa lingua (que enton carecía aínda de linguaxe literaria) salvou aquela dándolle unha base firme para o seu desenvolvemento cultural e salvou tamén o seu povo, despertando n'él os vellos ideaes de liberdade e de conciencia nacional.

Fillo d'un servo ficou orfo moi neno, sufrindo tódalas miserias. Foi pastor d'ovellas, deprendeu a pintar c'un pintor de povo, foi soldado e ordenanza. Rescatáronne de servo, os profesores da Academia de Belas Artes, por 10.000 rublos. Coñecido coma pintor, poucos coñecianno coma poeta. Por casualidade fono descubertas as súas poesías publicadas baixo o nome de "Kabsar", cantor popular. O trunfo resultou tan grande, que os seus cantos chegaron até os mais arredados corrunchos e nos fogares mais humildes cantáronse con amore seus "dumken", cantigas populares. Cando voltou a Ucrania recibíronno con agrado. Señou coa resurreición da arte do seu país e chegou a sel-a i-alma d'unha liga patriótica que tiña coma obxeto axuntar, n'unha República confederada tódolos povos escravos, derruballa servidume e loi-

tar pol-a liberdade. Encarceáronno na fortaleza de Petropawlowsk e logo leváronno á estepa dos Kirgises, prohibíndolle d'escribire, pintare e cantare. Mais soubo procurarse papel e lápiz para facer seus imorrentes cantos que durante moitos anos levou ocultos na sola dos zapatos.

Dez anos preso, abrangueu a amnistía con Alexandre II, pro doente pol-o cautiverio longo finou aos tres anos. Somentemente unha ducía d'eles poido vivir coma home libre. Suas cinzas fono levadas ao país nativo acochándoas na terra d'un outeiro, perto do río Dnier, según o pidira. A súa campa é obxecto de pelengriñacións dos seus peisanos que o teñen com'un profeta que no seu día axudará a liberar á Ucrania (hoxe xa libre).

Seus primeiros cantos fono inspirados na musa popular. Logo cantou aos probes, ós asoballados, a cantos sofren. Esta tendencia latexa sobre todo na súa gran poesía "Cáucaso", pol-a que foi encarceado...

A.


## OUTRO EXEMPLO

### Para a Universidade de Compostela

O claustro da Universidade de Valencia, obedecendo a pregos do Centre de Cultura valenciana, acordou crear unha cátedra de lingua d'aquel país, nas súas aulas, dispoñendo que ela forme parte do Instituto Universitario de Linguas e concedéndolle ao seu profesor P. Fullana, as mesmas prerrogativas e as mesmas atencións que ós outros profesores das linguas que integran aquel Instituto.

As leicións de valenciano hánse dare os martes e mail-os sábados, sendo de xeito eminentemente práctico, basándose moito na fonética e nas etimoloxías conservadas aínda n'algunhas provincias o mesmo que na literatura enxebre, nas variedades dialectaes e nas custións sintáxicas que non teñen nada de común coa lingua de Castela.

Na non é pois, somentemente o exemplo da Universidade de Barcelona, senón o da Universidade de Valencia tamén o que se lle pode ofercere á Universidade compostelán.



### FILOLOGIA IBERICA: VERBO DOS ARGINAS

Con este nome ten publicado un libro que atentamente nos enviou o noso bô amigo Julio Ballesteros Curiel.

O verbo dos arginas é a xerga-latín dos canteiros,

mais que en ningures inda viva nas terras pontevedresas.

Trátase d'un traballo curioso, feito con certo método e moito amore que honra ao seu autor.

Achase adicado a cantos laboran pol-a renascenza da Literatura galega.



As consideracións en col da jerga que fai Julio Ballesteros, resultan interesantes, inda que ó falar da primeira poboación da Galiza d'iga ás veces cousas que ceceais non compartan moitos.

Como tampouco se pode compartir o seu xuício de que o verbo dos arginas non foi masónico, cando máis non quer decir canteiro.

A segunda parte do libro, referente á composición do verbo dos arginas: vocabulario e fraseoloxía, abondaría solamente para darlle aprezo ao traballo do noso amigo.

Mais repetimos que Julio Ballesteros coa publicación d'este volume, ben editado na "Imprenta Antúñez Hermanos", de Pontevedra, empresta un bo servizo á filoloxía galega e mais á castelán.

Elo proba tamén como estamos n'unhos momentos nos que comenzan a se estudaren as cousas propias de xeito moderno i-europeu.

#### PINGAS D'ORBALLO.

Temos recibido un libro de versos, galegos e casteláns, que D. Roxelio Rodríguez Díaz, bondadosamente enviounos desde Buenos Aires.

Este libro leva un prólogo interesante do presbítero D. Antonio Alonso Fernández.

Hai no novo libro de que falamos, coadros de costumes cheios de gracia e poesías líricas moi inspiradas.

Inda que poeta, que non quer romper ningún dos vellos moldes, o Sr. Rodríguez Díaz amosra nos versos que nos ofrece canto é o seu axeitamento para a poesía.

"Pingas d'orballo" é libro que ha de atopar moitos mercadores na América.

E tamén unha nova mostra da renascenza da nosa lingua.

#### QUADERNS D'ESTUDI.

Chegou a nós o "Quadern d'estudi", volume XIII dos que ven publicando trimestralmente o Consello de Pedagogía da Mancomunidad de Cataluña.

O sumario e o que sigue e por él poderán decararse os lectores do valimento do libro:

Givanel y Mas: "El Tirant lo Blanch i Don Quijote".  
Borday Torrents: "El primer capítol de l'Ética d'Aristótil".

Marçal Olivari: Dos discursos de Felip de Malla.

Cursos monográficos d'alts estudis i d'intercanvi: "Els orígens de la Nacionalitat catalana".

E Claparède: Psicología de la Inteligencia.

Massó Torrents: L'antiga Escola poética de Barcelona.

Münster: Cataluña vista per un stranger.

Bibliografía e Necrológia.

#### REVISTAS E XORNAES.

"Monitor", gaceta nacional de política, d'art i de literatura qu se publica en Barcelona, e que trai como lema do seu editorial: "Catalonia, amb ella, per ella a ultranza" "Monitor" rechaza a hipótese d'unha raza común trilingüe na Iberia e o mito d'unha independencia nacional conquerida gracias a unha catástrofe planetaria". Heréticos da fe ibérica e heterodoxos do separatismo, "separatista", cremos na posibel realización da unidade peninsuar, a base da soberanía recoñecida de cada povo, sendo nós, si sabemos

sel-os millores, os que dirixamos a todos." Esta é a teadencia do "Monitor", gaceta moi ben pensada.

— Temos recibido o primeiro número de a revista "Humus" que escomenzou a se publicar en Porto. Ben apresentada, con grabados interesantes no texto e con traballos (prosa e verso) dignos de seren lidos, coidamos que poderá conquistar grandes loureiros. Dámolle a nosa embora aos seus fundadores.

— "Le Progrés Civique", journal de critique, politique et de perfectionnement social. Este xornal que ven editándose en París dende fai tres anos, é moi interesante. Mais que nome de xornal merez o de revista diaria, que se vende ao prezo d'un franco, e que demostra como a cultura francesa pode soste publicacións asin, estudando ao día as cousas, inda non ofrecéndolles reseñas de crimes, de touros e sin dar ningunha crás de noticias.

— "La Zarpa" d'Ourens, acolle nas suas columnas traballos francamente nazionalistas, o'o que fai un grande servizo á causa.

#### VENTO MAREIRO

Xa rematada a imprentación d'esta obra de Ramón Cabanillas, exiña se porá á venda. Está editada pola nova Sociedade "Marineda", que leva como pe: Madrid-Coruña.

#### LA MANCOMUNIDAD GALLEGA

Con este título e c'o lema "A nosa Terra debe ser nosa" publicouse un volume que contén o traballo de Lois Pena Novo, premiado no derradeiro certame de Mondariz que organizaran os ilustres galegos irmaos Peinador.

Este libro "La mancomunidad gallega" coidámolo moi importante para a Galiza. Aparte os seus méritos propios, aparte os valiosos datos que ofrece a cantos andam a se preocuparen da política do país, áchase escrito n'un estilo claro e sinxelo, con verdadeiro método e con notabre coñecimento de causa, que o facerán indispensable en tódalas bibliotecas dos nosos amigos da Terra.

Pena Novo, noso querido amigo, con este volume documentado e cheo d'interés, conseguirá que moitos — inda d'aqués que teñen sona de cultos— agora escomenzan al rocar de criterio nos asuntos d'orde político. ¿Qué maor loubanza?

"La Mancomunidad gallega" é un libro de positivo valimento que honra sobremaneira ao seu autor.

Reciba, pois, a nosa embora cheia d'agarimo. E coste que por chegar ás nosas mans tarde este notabre volume, cando a persente selección bibliográfica xa tiña que ser dada á imprenta, non podemos, sintíndoos alogar mais o entusiasta xuízo que nos merece.

# ADORAÇÃO

Cânticos de Amor

por LEONARDO COIMBRA

Púxose á venda na Cruña. Dirixir os pedidos á Administración de «A NOSA TERRA»

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE da Cruña

Vapor ESPAGNE 29 Novembro  
 " La Burdonnais 8 Diciembre  
 " FLANDRE 25 de id.

Prezo en Cámara para o vapor

|                                              |       | HABANA        | VERAÇRUZ      |
|----------------------------------------------|-------|---------------|---------------|
| Primeira crase (varias categorías) <b>2.</b> | Ptas. | 1.350 a 3.600 | 1.475 a 3.900 |
| Segunda crase                                | "     | 1.100         | 1.200         |
| Preferencia                                  | "     | 1.000         | 1.050         |

Prezo en Cámara para o vapor

|                              |       | HABANA        | VERABRUZ      |
|------------------------------|-------|---------------|---------------|
| Primeira (varias categorías) | Ptas. | 1.650 a 5.000 | 1.800 a 5.250 |
| Segunda                      | "     | 1.100 a 1.125 | 1.200 a 1.225 |
| Preferencia                  | "     | 1.000         | 1.050         |
| TERCEIRA CRAS                | "     | 565           |               |

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.  
 Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA**, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

# COMPañÍA CHARGEURS REUNIS

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

### Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníficos vapores rápidos a dobre hélice

| DATA           | VAPOR        | Prezo en 3. <sup>a</sup> cras |
|----------------|--------------|-------------------------------|
| 3 de Diciembre | JAUREGUIBERY | 534'75 pesetas                |
| 26 de id.      | DESIRADE     | 484'60 »                      |

Prezos en cámara

|                                | Pernambuco | Bahia | Rio Xaneiro | Santos | Montevideo | Bos Aires |
|--------------------------------|------------|-------|-------------|--------|------------|-----------|
| Prezo do billete en luxo Ptas. | 6.000      |       | 6.000       | 6.000  | 6.000      | 6.000     |
| En primeira crase . . . »      | 1.650      |       | 1.925       | 2.000  | 2.350      | 2.435     |
| En segunda crase . . . »       | 825        |       | 825         | 825    | 825        | 825       |

Prezos en cámara

|                           | Pernambuco | Rio Janeiro | Santos | Montevideo | Buenos Aires |
|---------------------------|------------|-------------|--------|------------|--------------|
| En primeira crase , Ptas. | 1.475      | 1.675       | 1.725  | 1.950      | 2.025        |
| En segunda crase . . . »  | 825        | 825         | 825    | 825        | 825          |

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

**ANTONIO CONDE (Fillos)**

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegramas: CHARGEURS